

O ROUBO DO CAMIÓN

Un día un camioneiro ía cargar en Madrid madeira para entregar ao día seguinte en Betanzos, déuselle mal a carga a saíu da fábrica de Madrid ás 15h, ía con moita présa, así que non parou en ningún sitio. Cando ía na altura do Corgo acabáronselle as horas de condución así que parou nunha área de servizo que hai pegada a A-6, que era a estrada pola que circulaba.

Cando aparcou sobre as 23h, foi dar unha volta para estirar un pouco as pernas, pero cando o condutor non estaba, dous ladróns viron o camiión, viron que era moi caro e novo, decidiron roubalo. Abriron a porta rompendo o cristal e fixeron cortocircuíto para arrancar o camiión. Cando volveu o condutor púxose moi triste porque non o viu así que chamou á policía e contoulle a que pasara. Os policías puxéronse de inmediato a buscalo e como o camiión tiña localizador foi moi fácil encontralo. Cando encontraron o camiión, en movemento, puxéronse diante para paralo e conseguírono. Os ladróns intentaron escapar correndo pero non lles deu tempo, así que os policías detivéronos e o camioneiro púxose moi contento porque conseguiu recuperar o seu camiión.

José Luis Rodríguez Ferreiro